

## Ó DIRECTOR DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUCTURAS

**FECHA DE PRESENTACION:** .....

**NUMERO DE EXPEDIENTE:** AC/12/095.06.

DON/A

.....,  
maior de idade, veciño/a de ....., provincia de A Coruña, domiciliado/a en  
.....; provisto/a de D.N.I/N.I.F.  
.....

Como mellor proceda en dereito, **EXPÓN:**

1. - Que con data 29 de decembro de 2.015, publicouse no Diario Oficial de Galicia o anuncio polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción de mellora do trazado na AC-133, treito p.q. 9+600 ao 10+000 de clave AC/12/095.06.
2. - Que a esta publicación debe alegar o seguinte:
  - A) .- Que a primeira curva dirección Fene-Mugardos P.K 9+600 é o punto mais perigoso e con maior sinistralidade de accidentes do tramo en cuestión.
  - B) .- Que as vivendas e empresas do tramo afectado, non teñen solución aos seus accesos.
  - C).- Que o espazo comprendido entre o novo trazado e o trazado vello non conta con solucións medioambientais e paisaxísticas adecuadas. Non queda definido como se acometerá o acceso para o seu mantemento (especies vexetais coas que contará) e como quedará configurado visualmente.
  - D).- Que non se contempla como se desenvolverá o tráfico peonil (elevado tránsito de nenos que acoden o Campo de Fútbol Municipal de A Pedreira), as medidas de seguridade coas que contará, beirarrúas, alumeado e sinalización viaria.

Polo exposto e como mellor proceda en dereito, **SOLICITA:**

- 1.- Que visto a dimensión das subsanacións a acometer, o carácter permanente das melloras plantexadas e o impacto social que vai ter a situación proposta, solicito que se replantexe o proxecto, para que o documento que se presente sexa unha solución definitiva de cara a seguridade vial que se demanda

En Mugardos a ..... de 2016

Fdo. ....